

Inscripcións

Ata o 30 de novembro de 2023

Participantes

Idade: maiores de 16 anos
Actuacións individuais

Premios

1º premio - 1200€
2º premio - 800€
3º premio - 500€

GALA FINAL

17 de decembro de 2023
18.30 horas
Pazo da Cultura, Carballo
Presentada por Xurxo Souto

Actuación musical do
Colectivo Xestal

**Bases completas no interior
ou na web carballo.gal**

Protección de datos

En conformidade co disposto na actual normativa de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Carballo é o responsable do tratamento dos datos de carácter persoal recollidos neste certame, cuxa finalidade é poder xestionar as solicitudes de participación no concurso. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obrigaición legal.

As persoas participantes teñen dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento. Para iso, o Concello de Carballo dispón de formularios específicos. Estas persoas pode presentar a súa propia solicitude ou pedir os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade en **Praza do Concello s/n, 15100 Carballo (A Coruña)**; lopdc@carballo.gal. Poden consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos solicitándoa a través do correo electrónico lopdc@carballo.gal.

Certame CONTOS HUMORÍSTICOS O XESTAL



Bases do certame de contos humorísticos O Xestal

O Concello de Carballo está totalmente comprometido coa revalorización da figura do Xestal, folclorista, humorista, contador de contos, que foi unha importante referencia para varias xeracións de galegos e galegas e que residiu no territorio carballés durante máis de 20 anos. E por enriba, desenvolveu o seu traballo, fundamentalmente, en lingua galega, idioma que é obxecto de protección, promoción e uso por parte da Administración local.

Ademais neste ano 2023, o Concello, dentro da conmemoración do Ano do Xestal e co fin de continuar celebrando a súa figura, tan relevante para a cultura local, convoca un concurso de contos do Xestal que se rexe polas seguintes bases:

Obxecto

É obxecto deste concurso premiar as mellores interpretacións individuais de contos humorísticos que se representarán nunha gala que terá lugar o 17 de decembro de 2023, ás 18.30 horas no Pazo da Cultura de Carballo.

Obxectivos

- > Fomentar o uso prioritario do galego nos espazos lúdicos, especialmente entre a mocidade.
- > Promover o descubrimento de novos talentos xuvenís.
- > Conmemorar a figura do Xestal.

Participantes

Poderán participar todas as persoas que o desexen, maiores de 16 anos, aínda que a organización resérvase o dereito de facer, no seu caso, unha selección previa, na que terán preferencia aqueles participantes de entre 16 e 30 anos (por tratarse dun certame que pretende promover o descubrimento de novos talentos entre a mocidade) e como segundo criterio considerarase a orde de inscrición.

Inscrición e prazo

As persoas que desexen participar neste concurso deberán presentar unha solicitude preferentemente por vía electrónica e opcionalmente, de maneira presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, dentro do prazo que comezará ao día seguinte da publicación da convocatoria na páxina web do Concello de Carballo (www.carballo.org) e que rematará o 30.11.2023.

Xunto coa solicitude hai que achegar unha síntese do texto que se vai representar así como o nome do autor e o seu título.

Requisitos

Para participar neste concurso, os contos deberán cumprir as seguintes condicións:

1. Estar no idioma galego.
2. Ser contados nun máximo de 5 minutos.

Premios

Establécense os seguintes premios:

- Primeiro premio: 1200 €
- Segundo premio: 800 €
- Terceiro premio: 500 €

A dotación total dos premios ascende a 2500€ para os que existe consignación suficiente con cargo á partida orzamentaria 3341/48100 premios, certames de normalización lingüística, do presuposto municipal vixente.

Xurado e criterios de valoración

O xurado con voz e voto estará formado por catro persoas relacionadas coa mocidade, co teatro e co traballo en normalización lingüística.

O xurado valorará os seguintes criterios:

1. A calidade lingüística
2. O ritmo
3. A retranscrición
4. O humor
5. A interpretación
6. A posta en escena
7. O control escénico
8. A habilidade de relacionar os contos coa figura do Xestal
9. A orixinalidade
10. O impacto global

O xurado poderá declarar deserto algún/s premio/s se así o considera axeitado.

Non se poderá recorrer contra a decisión do xurado e a súa escolla comunicárase ao final da gala en que se representan os contos humorísticos.

Aceptación das bases

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases, así como a decisión inapelable do xurado. O non cumprimento delas desencadeará a exclusión e non participación no concurso. A organización estará facultada para dirimir calquera eventualidade non prevista nelas e terá así mesmo capacidade de interpretación a cantos efectos procedan.

Outras determinacións

1. No caso de haber máis de 20 persoas inscritas, a organización realizará unha selección e comunicarálles ás persoas aceptadas a súa participación no certame.
2. A participación no concurso tamén implica cederlle ao Concello de Carballo os dereitos de difusión e/ou publicación das súas actuacións para divulgálas e para promover futuras edicións, en cuxo caso os dereitos de autor entenderanse incluídos na dotación económica do premio.
3. Cada persoa participante responderá sobre a validez dos seus actos e a legalidade da súa actuación, é dicir, o incumprimento das persoas participantes en calquera dos puntos destas bases, ou da lexislación vixente, exime de responsabilidades o Concello de Carballo e os membros do xurado deste concurso e poderá supoñer, sempre e cando se detecte algún erro, a devolución do premio que recibisen indebidamente.
4. No caso de incumprimento da legalidade por parte dalgunha das persoas participantes, o Concello de Carballo poderá emprender as accións que determine oportunas.
5. A organización poderá introducir, se o cre necesario, as modificacións que estime oportunas para o bo funcionamento do concurso.